

Cultura

As persoas que falan a lingua propia da comunidade seguen a ser a maioría, cun 58,8% do total


Os bilingües medran en Galicia e caen os que só se expresan en galego

Elisa Álvarez

SANTIAGO/LA VOZ. En Galicia a porcentaxe de cidadáns que emprega só o galego como lingua habitual ou de xeito preferente segue a ser a maioría, pero nunha liña descendente. O Consello da Cultura Galega deu a coñecer os datos básicos sobre a evolución deste idioma, tendo en conta o *Mapa sociolingüístico* e a *Enquisa de condicións de vida das familias* do IGE, e deles despréndese que dende o 2003 ao 2008 aumentaron considerablemente os bilingües, tanto os que usan maioritariamente o galego como os que usan o castelán; tamén o fixeron os monolingües en castelán; mentres que os monolingües en galego caeron do 44,7% ao 31,6%.

O bilingüismo medrou ata o punto de que hai sete anos utilizaban as dúas linguas o 37% da poboación, e no 2008 fixérono case o 49%. O risco que corre a lingua propia apréciase ao debullar os datos por tramos de idade, xa que canto menor é a idade do individuo, maior é a castelanización. Non obstante, estase a dar unha desaceleración do proceso, e de feito entre os menores de vinte anos hai unha pequena recuperación dos galegofalantes. O intervalo de entre 25 e 35 anos é o máis castelani-

A LINGUA HABITUAL



Henrique Monteagudo abre hoxe os encontros para a normalización

zado da historia, e o que vai de 20 a 30 o que ten máis monolingües en castelán.

Outro dato a ter en conta e que recolle o informe do Consello é a evolución en canto ao sexo. Os homes utilizan máis o galego, aínda que as diferenzas non son significativas.

Onde si o son é no hábitat de residencia. O 54% dos que viven en concellos de menos de dez mil habitantes só falan galego, pero en cidades de máis de 50.000 a porcentaxe baixa ao 11,2%. Evidentemente, o proceso é inverso no caso dos monolingües en castelán, un 6% dos que viven en vilas pequenas, fronte a un 34,3% dos concellos grandes.

Tamén é destacable a evolución dende o 2003, tanto en pequenos como grandes municipios, pois cada vez son máis os bilingües —sexan maioritarios en galego ou ao revés—, e diminúen os que só falan nunha lingua.

O galego segue a ser o idioma materno dos residentes na comunidade, e cada vez son máis os que aprenderon as dúas linguas —máis de 600.000 no 2008— o dobre dende o 1992. Respecto a esta lingua inicial, por idades hai unha contención na perda de falantes en galego, e mesmo dáse unha lixeira recuperación nalgúns treitos.

Como ocorre no caso da lingua habitual, no caso da materna tamén hai diferenzas en función do hábitat. Así, nos municipios de menos de dez mil habitantes, máis do 70% da poboación ten como idioma inicial o galego, e só o 10,24% o castelán. Nos de máis de 50.000, o galego é a lingua materna do 29%, fronte ao 45% do castelán. Nos dous casos, no entanto, a porcentaxe que máis medra é a da poboación que empeza a ter as dúas dende o primeiro momento.

Tendo en conta o idioma empregado segundo o traballo, os que máis usan o galego son os que se dedican á agricultura, e os que menos aos servizos, cun 35% que sempre fala en castelán.

Tendo en conta o idioma empregado segundo o traballo, os que máis usan o galego son os que se dedican á agricultura, e os que menos aos servizos, cun 35% que sempre fala en castelán.

A escola e os amigos aumentan como ámbito para adquirir a lingua galega

A maioría dos galegos entenden, falan e len esta lingua, aínda que dende o 2003 prodúcese un lixeiro descenso. Esta baixada pode explicarse polo aumento dos nados fóra de Galicia, xa que no 2008 había 65.000 persoas doutras partes que non entendían o idioma de Rosalía. Os que din que non saben expresarse en galego son o 3%; mentres que os que din falalo ben, ou moi ben, superan o 89% no 2008.

Un dos datos máis positivos do informe dado a coñecer polo Consello da Cultura Galega —que hoxe inicia en Santiago os encontros para a normalización lingüística, que serán inaugurados por Henrique Monteagudo, Xoán Rivas e Nel Vidal— é o ámbito de adquisición do galego, xa que medran considerablemente tanto a escola como os amigos e veciños.

Tamén o traballo constitúe cada vez máis un ámbito para aprender esta lingua, mentres que a radio e televisión galegas o son cada vez menos. A escola adquire un peso específico nos concellos de máis de 20.000 persoas, onde un de cada catro habitantes aprenderon nese ámbito o galego, mentres que nos municipios pequenos este idioma adquirese máis pola familia e o ambiente.